


24 Xaneiro, 2014

O Top 10 de Ramón Nicolás. Os mellores libros do 2013



O crítico Ramón Nicolás publico na revista [Biblios. Clube de Lectores](#) unha listaxe co seu [Top 10](#) das [mellores novelas do ano 2013](#). Entre elas, as publicadas por Xerais son as seguintes:

1. [Costa do Solpor](#) de [Xosé Mª Lema](#). Un autor que se incorpora serodiamente ao campo da narrativa galega e que o fai con extraordinaria competencia e, manexando unha oceánica documentación, devolve o gusto pola narrativa de aventuras.
2. [A memoria da choiva](#), de [Pedro Feijoo](#). Pola aposta chea de convicción, afouta e oportuna, que persegue ampliar a base de persoas que se achegan á novela en lingua galega.
4. [Un rato díxolle á lúa](#), de [Antonio García Teijeiro](#). Apaixonante escolma do traballo poético de toda unha vida: poesía sen fronteiras, da man do bo criterio e Fran Alonso e da música de Paco Ibáñez.
6. [A illa de todas as illas](#), de [Xabier P. DoCampo](#) porque, no ronsel dos grandes clásicos das novelas de aventuras, incorpora unha inesquecible homenaxe á propia literatura.
7. [Tastarabás](#), de [Antón Cortizas](#) porque talvez sexa o libro máis completo, documentado e fermoso arredor dos brinquedos tradicionais e o seu uso lúdico.
8. [Feminismos](#) de [Olga Castro](#) e [María Reimóndez](#). Foi unha fortuna ler un ensaio clarividente e luminoso cunha concepción globalizadora e, sospeito, adiantada ao noso tempo.